



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BASES QUE REXERÁN AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE O CURSO 2021/22

1. Modalidades, lugares e idades

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Bádminton	2014 ata o 2005
Baloncesto	2015 ata o 2005
Fútbol sala	2015 ata o 2005
Patinaxe	2017 ata o 2005
Ximnasia mantemento/body tónico	2005 e anos anteriores

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Actividades predeportivas	2017 e 2016
Baloncesto	2015 ata 2005
Fútbol sala	2015 ata 2005
Patinaxe	2017 ata 2005
Ximnasia de mantemento	2005 e anteriores
Iniciación ao xadrez	2015 ata 2005

C. Louro

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2005 e anteriores

2. Prazos do procedemento

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 22 de setembro ata as 14.00 h do 5 de outubro
Sorteo (se fora necesario)	7 de outubro ás 12.00 h
Publicación dos horarios	8 de outubro
Matrícula	Do 11 ao 13 de outubro
Inicio das actividades	18 de outubro
Prazas vacantes	A partir do 27 de outubro

3. Sorteo

No suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade, realizarase o sorteo o 7 de outubro (en presenza da Secretaría municipal).



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

O sorteo será público e terá lugar no salón de plenos do concello, ás 12.00 h da mañá. Comunicaráselle, mediante correo electrónico, a adxudicación da praza ás persoas solicitantes.

4. Horarios

Cada escola deportiva será dunha sesión semanal.

Os horarios faranse públicos o 8 de outubro. Estarán expostos nos taboleiros dos pavillóns, no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, na páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal. e na sede electrónica municipal, sede.muros.gal

Para a consulta telefónica dos horarios habílitase os seguintes teléfonos:

- 981 762 152 (pavillón de Miraflores)
- 981 762 294 (Centro Cultural e Xuvenil de Muros)

5. Prazas

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

O número de prazas para cada modalidade e lugar establécese da seguinte maneira:

MODALIDADE	PRAZAS
Bádminton	10
Baloncesto	10
Fútbol sala	20
Patinaxe	20
Ximnasia mantemento/body tónico	20

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	PRAZAS
Actividades predeportivas	30
Baloncesto	30
Fútbol sala	30
Patinaxe	30
Ximnasia de mantemento	30
Iniciación ao xadrez	20

C. Louro

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	16

A adxudicación das prazas pode ser:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.

6. Preinscrición: do 22 de setembro ao 5 de outubro

É persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas da Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros, ou cubrindo o formulario ([Google Forms](#)), do 22 de setembro ao 5 de outubro (ambos incluídos).

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

7. Matrícula: do 11 ao 13 de outubro

É persoal e intransferible. Deberase facer unha vez comprobada: a adxudicación da praza, os horarios das escolas e do/s grupo/s no que a persoa interesada solicitou a preinscrición.

O alumnado deberá aboar a cota de participación no número de conta establecido por parte do Concello de Muros.

O período de matrícula establécese do 11 ao 13 de outubro (ambos incluídos).

8. Cota

A cota de participación será de 25,00 € anuais e deberase aboar no período de matrícula.

9. Inicio das actividades: 18 de outubro

As actividades constituídas darán comezo a partir do 18 de outubro (luns) en función do día que lle corresponda a cada actividade.

10. Prazas vacantes: a partir do 27 de outubro

A Concellaría de Deportes publicará na web a lista de prazas que puideran quedar libres en cada modalidade e lugar despois de resolver esta convocatoria. No caso de que existiran prazas vacantes abrirase un período de solicitude a partir do 27 de outubro.

11. Datás

As escolas deportivas impartiranse dende o mes de outubro (18/10/2021) ata o mes de maio do ano 2022.

12. Requisitos



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A. Para poder asistir ás escolas deportivas é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

B. O pai, a nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

13. Control de asistencia

No caso de que se chegue ao 50% de faltas de asistencia o alumnado podería causar baixa na actividade, sen dereito á devolución da cota.

14. Outros

Se houbera a suficiente demanda para constituír outra escola deportiva que non se recolle nestas bases, estudarase a posibilidade de poder incluíla, sempre que se adapte á normativa sanitaria vixente en cada momento.

Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA PREVIR A POSIBILIDADE DE CONTAXIOS POR COVID-19 NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021/22

Para prever a posibilidade de contaxios do Covid-19 valorarase polo miúdo a posibilidade de participación, seguindo as seguintes medidas:

1. Medidas de prevención

- Garantirse o cumprimento dos protocolos sanitarios e de seguridade vixentes na data de realización da actividade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como, a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os/as profesionais a cargo da escolas deportivas velarán polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia antes de acudir á actividade.
- Os/as proxenitores/as ou titores/as dos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao Covid-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada co Covid-19 non acudirá e contactará co servizo de deportes do Concello de Muros.
- Unha vez finalizadas as actividades, as familias comunicarán ao Concello de Muros se se dá un caso positivo de Covid-19 no/a participante durante os 14 días posteriores ao remate da actividade.

2. Actuación ante síntomas dun posible contaxio por Covid-19

- No caso que durante a realización da actividade se declarase un caso de contaxio por Covid-19 na unidade familiar dun/dunha participante ou monitor/a, comunicáraselle directamente ao Concello de Muros. O Concello de Muros comunicarlle a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por estes.
- Ante a aparición de síntomas unha vez na instalación e/ou durante o desenvolvemento da actividade, o/a participante en cuestión, deberá interromper a actividade informando ao/á monitor/a, así como manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente.
- Tras a presenza de síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, o/a monitor/a deberá chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda) e seguir as instrucións das autoridades sanitarias, así como a familia para que sexan conscientes da situación.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- No caso de que os servizos sanitarios aconsellen a un/unha participante, tras a súa avaliación, o illamento por posible sintomatoloxía relacionada coa Covid-19, os familiares recollerano/a nun prazo máximo de 2 horas.
- Paralizarase a actividade e comunicaráse ás familias a presenza dun caso positivo por Covid-19 na actividade. Tamén se lle comunicará da existencia dun caso positivo por Covid-19 ao resto de persoal implicado.
- Seguindo as instrucións das autoridades sanitarias poderase decretar a cancelación da actividade e o peche temporal da instalación para a súa desinfección.
- Coordinarase o regreso de cada participante aos seus domicilios, derivándoos aos seus sistemas sanitarios, seguindo as actuacións que resulten pertinentes.

3. Normas para a prevención

Normas xerais para a prevención:

- Intensificarase o lavado de mans, que será obrigatorio á entrada e á saída da actividade.
- A/o nai/pai poderá acceder ao interior da instalación o tempo estritamente necesario e naqueles casos nos que o persoal encargado da actividade o requira.
- As/os nenas/os non poderán compartir bebidas, comida...
- Evitarán o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarán tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Terán a súa disposición distintivos e cartalaría informativa coa normativa de hixiene e espazos comúns.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021/22

D/Da. _____

con DNI _____, veciño/a de _____ e teléfono _____

como pai/nai, titor/a de:

AUTORIZO

Ao/á meu/miña fillo/a a participar escola deportiva municipal (EDM) de _____,
en _____ organizada polo Concello de Muros.

AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DAS IMAXES E DOS TRABALLOS REALIZADOS

Como pai, nai, titor/a da persoa solicitante, autorizo ao Concello de Muros ao uso das imaxes tomadas durante a realización desta actividade, así como, que os seus traballos audiovisuais sexan difundidos publicamente con fins informativos e pedagóxicos.

Si

Non

Asinado

Muros, ____ de _____ de 2021

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050